



**FLAVIA CAMPOS LAGES, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE PONTECESURES**

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o día 07 de xullo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“3º.- ADXUDICACIÓN DA LICITACIÓN DO CONTRATO PATRIMONIAL PRIVADO POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA O “ALLEAMENTO DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS A RESULTA DE CLARAS NO MONTE DE U.P. SALGUEIRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE PONTECESURES” (627/2022)**

Polo señor Alcalde, procédese a explicar este punto:

Visto que tras proceder á licitación para o contrato do Alleamento de aproveitamentos madeireiros no monte Salgueiras, esta quedou deserta.

Visto o novo expediente para proceder á licitación por procedemento aberto simplificado mediante contrato patrimonial de carácter privado para o alleamento mediante poxa, de aproveitamentos madeireiros no monte Salgueiras, cuxa iniciación aprobouse por este órgano de contratación mediante acordo de data 31/05/2022, coas seguintes características:

<b>Órgano de contratación:</b> Xunta de goberno local (por delegación da Alcaldía mediante Decreto número 2019-0448 de data 25/09/2019).	
<b>Procedemento contratación:</b> Poxa pública á alza, mediante procedemento aberto simplificado.	
<b>Tipo contrato:</b> Patrimonial de carácter privado.	
<b>Tramitación:</b> Ordinaria	
<b>Obxecto do contrato:</b> <i>Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures</i>	
<b>Valor estimado:</b> 6.973,40 €	
<b>Presuposto base licitación:</b> 8.437,81 € (incluído IVE).	
<b>Prezo (sen IVE):</b> 6.973,40 €	<b>IVE (21%):</b> 1.464,41 €
<b>Prazo de execución:</b> 4 meses	
<b>Destino dos fondos resultantes da venda:</b> -40 % para Fondo de Melloras do Comité provincial de Montes -60% para o Concello, que será reinvestido na eliminación de acacias na zona do Miradoiro do Galiñeiro.	

Visto que, de conformidade coa normativa aplicable, unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas, procedeuse, por parte da Mesa de Contratación, á apertura e





valoración das ofertas electrónicas, facendo constar, na súa acta de data 27/06/2022 a admisión das seguintes ofertas presentadas en tempo e forma:

Licitadores	Oferta económica	
	Prezo/Tm (sen IVE)	Prezo/Tm total (sen IVE)
1 Díaz y Buceta, S.L.. [B36115806]	0,50 €/Tm	10,50 €/Tm
2 Financiera Maderera, S.A. [A15005499]	11,10 €/Tm	21,10 €/Tm
3 Forestal Santomé, S.L.U. [B70143433]	5,05 €/Tm	15,05 €/Tm

Visto que na devandita acta, propúxose á empresa Financiera Maderera S.A. como adxudicataria do contrato, por ser a mellor oferta á alza, concedéndolle un prazo de tres días hábiles dende a comunicación deste acto para a presentación de copia compulsada do seguro de responsabilidade civil, segundo ditan os pregos de cláusulas administrativas particulares, aprobados por este órgano de asistencia.

Visto que en data 01/07/2022, a empresa Financiera Maderera S.A. presentou dentro do prazo concedido a documentación requirida.

Examinado o expediente de contratación e a documentación que o acompaña; á vista do exposto e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno local, por unanimidade,

### **ACORDA**

**PRIMEIRO.** Adxudicar o contrato de *Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures* á empresa Financiera Maderera S.A., por un importe de alleamento de 21,10 €/Tm (sen IVE), por ser a mellor oferta económica, nos termos establecidos nos pregos da licitación.

**SEGUNDO.** Que se notifique a presente Resolución aos licitadores, e que se proceda á súa publicación na Plataforma de Contratos do Estado, conforme ao previsto no artigo 63.4 da LCSP.

**TERCEIRO.** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**E para que así conste e surta os efectos oportunos, emito o presente certificado, por orde e co Vº. Pce do Sr. Alcalde-Presidente do Concello, D. Juan Manuel Vidal Seage, en Pontecesures, na data da firma electrónica indicada á marxe coas reservas que establece o artigo 206 do vixente ROF e RG das E.E.L.L.**

